

## Código de comportamento en presenza do arroaz solitario GASPAS.

Tratar de manter o mínimo contacto e a máxima indiferencia para non perturbar o seu comportamento.

### Non darlle NUNCA comida.

Non meterse NUNCA na auga ao seu carón.

**Observalo a distancia sen achegarse, non entrar no seu radio de contacto.**

Se estás na auga non tratar NUNCA de tocalo nin de aproximar as mans.

**Sair INMEDIATAMENTE da auga e afastarse do seu contacto.**

Se estas nunha embarcación, non aproximarse nin interrompir o seu comportamento.

**Adoptar unha posición neutral e indiferente se se achega o animal mantendo o mesmo rumbo e velocidade.**

Non cambiar de dirección ou velocidade de xeito brusco.

**Se o tes na popa COIDADO, gusta de meterse baixo do motor.**

### PERIGO

O contacto cun arroaz é unha situación de risco de agresión, polo imprevisible do seu comportamento, ou contaxio de enfermidades dérmicas e pulmonares, a pesar de que GASPAS estese san.

A CEMMA mantén un seguemento dos movementos do animal e puxo en marcha un blog para que o público poida informar da evolución de GASPAS.

Pode consultarse en: <http://www.blogoteca.com/cemma/>

**Avisos e informacións:** Teléfono Unidade Móbil da CEMMA: 686 98 90 08

**Correo electrónico:** [localcemma@arrakis.es](mailto:localcemma@arrakis.es)

**Emerxencias:** 112 SOS GALICIA

**Autoridades:** 062 Guardia Civil

091 Policía Nacional

### Lembra que:

A Ley 27/1992, do 24 de novembro, de portos do estado e da marina mercante. **Prohibe o baño e mergullo nas instalacións portuarias.**


O Real Decreto 1727/2007, de 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos.

**Prohibe a persecución, molestia e natación cos cetáceos.**



Foto: CEMMA, Antón Parada.

Gaspar identifícase pola fenda que ten no beizo esquerdo e por unha pequena marca que ten na parte alta da aleta dorsal.



**Non tirar nunca das aletas e non engancharse nunca da aleta dorsal.**

**NON TOCAR**

**Na cabeza, o melón, parte frontal, a boca, os ollos, e sobre todo, o aventador**

**Na zona ventral, a área xenital.**

**NON TOCAR**

**Lugares anatomicamente sensibles que nunca se deben tocar. O tocamento nestas áreas pode provocar reaccións imprevisibles, e mesmo violentas, no animal.**

- **Na cabeza**, melón, boca, ollos, nin aventador.
- **Na zona ventral**, a área xenital.
- **Non tirar nunca das aletas**, pois poden provocarse dislocacións, e non engancharse nunca da aleta dorsal.

**GASPAR** é un arroaz (*Tursiops truncatus*) macho adulto salvaxe das augas costeiras europeas. Segundo as nosas análises mide máis de tres metros de lonxitude, pesa 400 Kg, e ten bo estado de saúde.



Foto: CEMMA, Antón Parada.

Os cetáceos en ocasións teñen comportamentos pouco frecuentes que poderían calificarse de antisociais, a respecto dos exemplares da súa mesma especie. Debido a este comportamento aillanse nunha zona da costa, e cando esta situación ven acompañada dun comportamento permisivo da presenza humana, e mesmo interactivo, dáselle en chamar: **GOLFIÑO SOLITARIO EMBAIXADOR**, que é o calificativo que se adecúa ao comportamento de GASPAR.

Foi detectado por **primeira vez pola CEMMA** o 14/12/2007 mediante o aviso da Policía de Cangas. Despois de estar na Ría de Vigo, estivo en Riveira onde os equipos da CEMMA puideron examinalo, o día 4 de xaneiro, vísperas de Reis, de aí o seu nome. Posteriormente percorreu toda Galicia, ata Asturias, e logo chegou polo sur ata Figueira da Foz, en Portugal, voltando de novo ás Rías Baixas en agosto.

## Son obxectivos da CEMMA :

- **Asistir aos animais varados** que aparecen nas nosas costas tratando de que o maior número deles que son detectados con vida poida voltar ao mar en perfectas condicións.

- **Afondar na investigación** e no coñecemento da bioloxía e medicina veterinaria (clínica e patolóxica) aplicada ás especies mariñas ameazadas (tartarugas e mamíferos mariños).

- **Promocionar actos de educación ambiental**, como método de participación cidadá dentro dunha liña de educación non formal, sobre o medio mariño.

**A CEMMA conta con autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente para levar a cabo estas labores.**



Para a asistencia e seguridade do arroaz, puxéronse en marcha os *Gardiáns do Arroaz GASPAR-GARGAS*, que son equipos de **CEMMA-voluntariado** que levan a cabo o seguemento do golfiño e informarán do código de conduta. Se queres colaborar apúntate.

En todo caso, **escoitaos e respectaos.**

<http://www.cemma.org>  
<http://www.blogoteca.com/cemma/>

**Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños**

**Unidade Móbil: 686 98 90 08**  
**Emerxencias 112 SOS GALICIA**  
[localcemma@arrakis.es](mailto:localcemma@arrakis.es)



Deseño e fotos: Tokio. DEPOSITO LEGAL: VG 1038-2008

# GASPAR




Foto: Alex Chamorro

## O noso amigo arroaz

Nunha relación de interacción entre os seres humanos e un arroaz, quen sempre sae perdendo é o arroaz, **evitémolo!!**